



115. Escudela

Intervención arqueolóxica: III campaña de escavación arqueolóxica no Castro de Barán, ano 1993, baixo a dirección de D. Antonio Álvarez Núñez.

N.º Sección: 1993/10/01

Outros n.ºs: CB93/1281

Procedencia: Castro de Barán, Paradelas, Lugo

Tipo de colección: depósito da Xunta de Galicia

Cultura: romana

Cronoloxía: ss. II a. C.-I d. C.

Materia: arxila

Técnica: a torno. Brunido. Espatulado. Cocción redutora

Dimensións: lonxitude 18,5 cm; anchura 25,5 cm

Peso: 411 g

Conservación: regular. Restaurada polo taller BIC

Uso/función: doméstica. Servizo de cociña

Descrición: conxunto de fragmentos que definen unha peza de perfil composto e aberta, con amplo desenvolvemento do ombro, colo moi estrangulado e pouco desenvolvido, bordo exvasado con labio redondeado e fondo plano. Consérvase a metade da peza dende o labio ata o fondo. Superficies de cor negra, brunidas ambas as dúas e con espatulados verticais. En fractura presenta unha secuencia cromática homoxénea en gris. Pastas de gran groso, cunha proporción moi alta de cuarzos e micas. Fractura irregular e aspecto arento.

Bibliografía:

ÁLVAREZ NÚÑEZ, A.: «Castro de Barán 93 (Informe de la intervención arqueolóxica)», en *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, t. VII, vol. 2, 1995-1996, pp. 33-63.

MARN/LCN/EJAI